

Chamamos locativo aos residuos que un caso extinto deixou no latín escrito e que nos chegou a través dos textos. A súa función é indicar que un certo substantivo é o escenario **en** que acontece algo. Algunhas linguas da Antigüidade testemuñano, como o sánscrito, e outras linguas actuais consérvano, como as linguas eslavas. Así, en croata temos diferentes terminacións se dicimos “paredes” en nominativo ou en locativo. A título de exemplo, “a parede está suxa” diríase *zid je prlav* e “vexo manchas na parede sería” *Vidim mrlje na zidu*. Estes dous exemplos en polaco (outra lingua eslava) serían respectivamente *ściana jest brudna* e *Widzę plamy na ścianie*.

En xeral, o locativo no plural da primeira e da segunda declinación coincide co ablativo, de modo que podemos analízalo como un simple ablativo sen preposición. Neste mesmo sentido, na terceira tendeu a asimilarse ao ablativo (mudou de -i para -e) e non valería a pena nen sequera explicar este caso residual.

Porén, no singular da primeira e da segunda declinación atopamos unha terminación que pode levar a confusión: na aparencia son xenitivos singulares e case sempre nomes de cidades, mais no seu contexto non ten ningunha lóxica traducilos dese xeito. Así, *Romae* (de *Roma*, *Romae*) podería ser xenitivo (de Roma) ou locativo (en Roma) segundo o contexto nos suxira e *Corinthe* (de *Corinthus*, *Corinthe*) segundo o contexto significará „de Corinto“ (xenitivo) ou „en Corinto“ (locativo este segundo).

Algunhas expresións en locativo poden conservar o -i na terceira declinación, tal como *ruri* (no campo), e tanto o exemplo anterior como os seguintes non son nomes de cidade:

mane, traducido como „na mañá“ ou moi habitualmente „pola mañá“.

vesperi, „na tarde“ ou „pola tarde“.

humi, „no chan“.

domi, „na casa“.

Xunto ao anterior conservamos dúas variantes dun mesmo fraseoloxema: *domi belloque*, cun primeiro substantivo en locativo e un segundo en ablativo („na casa e na guerra“); *domi militiaeque*, formado por dous substantivos en locativo („na casa e na milicia“).